



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Tesourería e Recadación

Calendario de ingreso en voluntaria das taxas por prestación dos servizos do catálogo de servizos domiciliarios, Servizo de Axuda no Fogar do exercicio 2026

ANUNCIO

Asunto: Calendario de ingreso en voluntaria das Taxas por prestación dos servizos do catálogo de servizos domiciliarios, servizo de axuda a domicilio do exercicio 2026

Por Resolución da Concellaría da Área de Economía e Planificación Estratéxica, de data 3 de febreiro de 2026 acordouse o seguinte:

Fixar o seguinte calendario de prazos de ingreso en voluntaria da Taxa por prestación do servizo do catálogo de servizos domiciliarios, servizo de axuda a domicilio, correspondente ao exercicio 2026:

- **Prazo de ingreso:** O mes natural seguinte a aquel no que se liquiden as cotas mensuais devengadas.
- **Forma de pago:** Domiciliación bancaria. O cargo en conta das liquidacións (recibos) farase o penúltimo día hábil de cada mes natural seguinte a aquel no que se liquiden as cotas mensuais.
- **Lugar de pago:** Entidades domiciliarias.

Transcorrido o período de cobramento en voluntaria sinalado, sen que se satisfixeran as débedas, iniciárase o procedemento de constrinximento de conformidade co disposto no artigo 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo e artigo 96 e seguintes da citada da Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público municipal do Concello da Coruña, coas recargas previstas no artigo 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, custas e demais conceptos que sexan esixibles.

Segundo o artigo 7 da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por prestación de servizos do catálogo de servizos domiciliarios a devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas no prazo máximo de doce meses consecutivos, determinará a interrupción e posible suspensión do Servizo.

É de aplicación o Real Decreto-Lei 19/2018, de 23 de novembro, de servizos de pago e outras medidas urxentes en materia financeira.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

A Coruña, 4 de febreiro de 2026

Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2026/676